



Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2012

Señor,

Habida conta da situación provocada no Concello de Teo pola comunicación da túa baixa voluntaria do BNG, da que se deu curso aos órganos competentes para a súa formalización; e tendo en conta tamén o acordo aprobado o día 20 de febreiro de 2012 pola Executiva Nacional, co fin de cumprimentar o mesmo, en nome e representación dos órganos de dirección do BNG:

1. Solicitamos a túa renuncia inmediata á acta de concelleiro, para que tome posesión a seguinte persoa da lista que mantén a súa adhesión ao BNG, dado que a túa elección para dito cargo público ten orixe na integración nunha candidatura do BNG.
2. Caso de non proceder á renuncia, e transcorrido o prazo prudencial dunha semana, o BNG comunicará oficialmente ao Concello de Teo e a todos os organismos e institucións nos que estiveras presente en calidade de integrante do Grupo Municipal do BNG, o teu abandono do BNG e, con iso, a abdicación de toda representatividade desta formación política. Así mesmo, o BNG instará ao Concello de Teo a que adopte as medidas pertinentes para adecuar os dereitos políticos ou económicos que se derivasen da túa anterior pertenza ao Grupo Municipal do BNG en Teo á nova situación.

Asdo. Montserrat Prado Cores  
Secretaría de Organización do BNG